

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

#### AXENCIA TURISMO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 7 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, da tarxeta Bono turístico #QuedamosenGalicia21, e se establece a súa convocatoria para o 2021 (código de procedemento TU985D).*

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, impulsa a segunda edición do Bono turístico #QuedamosenGalicia21 co obxectivo de seguir colaborando e cooperando co sector turístico de Galicia, un dos máis afectados pola situación de emerxencia de saúde pública da pandemia COVID-19.

As diferentes medidas que se tiveron que adoptar para controlar e minorar a crise sanitaria, tiveron una repercusión moi negativa no sector, sendo un dos que presentan unha maior afectación económica e de perda de emprego.

Unha situación alongada no tempo máis do que se prevía, polo que a Administración autonómica, en cooperación co Clúster Turismo de Galicia, segue desenvolvendo iniciativas que permitan reactivar e relanzar o sector, propiciando a súa recuperación económica.

Entre esas iniciativas encádrase esta segunda edición do bono turístico que persegue o mesmo fin, que non é outro que estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servizos e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa.

Esta segunda edición presenta novidades con respecto á primeira, xa que está dirixido ás persoas, maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia. Outra novidade é que a tarxeta prepago será cofinanciada entre a Administración e a persoa solicitante, na procura de acadar un efecto multiplicador resultado do esforzo da administración e da solidariedade das persoas solicitantes co sector turístico galego.

A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade, a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Polo exposto, e no exercicio das facultades que me foron conferidas,

**RESOLVO:**

**1. Convocatoria e bases reguladoras.**

1.1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, do Bono turístico #QuedamosenGalicia21 (código de procedemento TU985D) e a súa convocatoria para o 2021.

**2. Solicitudes.**

2.1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución.

2.2. As solicitudes deberán presentarse na forma e no prazo establecidos no artigo 5 das bases reguladoras.

**3. Prazo de duración do procedemento de concesión.**

As solicitudes serán tramitadas ao longo do prazo determinado nas bases reguladoras e segundo o procedemento nelas establecido. A duración do procedemento coincidirá coa vixencia do programa, é dicir, ata o 15 de decembro de 2021.

**4. Información ás persoas interesadas.**

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia: portal promocional de Turismo de Galicia, <https://www.turismo.gal/QuedamosenGalicia2>.

b) Páxina web <https://sede.xunta.gal/portada>, e introducindo no buscador o código de procedemento TU985D.



c) O teléfono de atención ao cidadán 012.

d) Enderezo electrónico [xuridico.turismo@xunta.gal](mailto:xuridico.turismo@xunta.gal) ou [innovación.turismo@xunta.gal](mailto:innovación.turismo@xunta.gal).

5. Réxime de recursos.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

6. Base de datos nacional de subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2021

María Nava Castro Domínguez  
Directora da Axencia Turismo de Galicia

#### ANEXO I

### **Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, do Bono turístico #QuedamosenGalicia21**

Artigo 1. *Obxecto e réxime da axuda*

1. Estas bases reguladoras teñen por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a concesión do Bono turístico #QuedamosenGalicia21. Este bono turístico consis-



tirá dunha tarxeta prepago para a súa utilización nos establecementos e/ou para as prestacións turísticas ofertadas polas empresas adheridas ao programa Bono turístico #QuedamosenGalicia21 e que se atopan publicadas na web da Axencia Turismo de Galicia no portal promocional de Turismo de Galicia, <https://www.turismo.gal/QuedamosenGalicia2> (código de procedemento TU985D).

2. O procedemento de concesión do Bono turístico #QuedamosenGalicia21 é de outorgamento de subvencións en concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde de presentación de solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto na presente resolución.

3. Non obstante, naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data en que o dito requirimento estea correctamente atendido.

#### Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias deste Bono turístico #QuedamosenGalicia21 as persoas físicas maiores de idade, que estean empadroadas nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Cada persoa física unicamente poderá solicitar e ser adxudicataria dun Bono turístico #QuedamosenGalicia21.

3. Non poderán solicitar nin ser beneficiarias desta nova edición do Bono turístico #QuedamosenGalicia21, as persoas que xa resultaran beneficiarias na primeira edición do Bono turístico.

#### Artigo 3. *Características do Bono turístico #QuedamosenGalicia21*

1. O Bono turístico #QuedamosenGalicia21 concíbese como unha tarxeta prepago de carácter persoal e intransferible, financiada entre o solicitante e a Administración autonómica. O importe total da tarxeta será financiado polo beneficiario nun 40 %, cun importe máximo de 200 euros, e contará cunha achega complementaria da Administración autonómica do 60 %, cun importe máximo por tarxeta de 300 euros.



2. A persoa solicitante poderá elixir entre tres importes da tarxeta prepago:

Importe total da tarxeta	Achega Administración	Achega solicitante
500 €	300 €	200 €
375 €	225 €	150 €
250 €	150 €	100 €

3. As persoas beneficiarias deste programa, resolto o procedemento descrito nestas bases e realizado o copago, recibirán una tarxeta co importe total para o seu uso, nos servizos e produtos das empresas adheridas a este.

#### Artigo 4. *Financiamento e compatibilidade*

1. O crédito necesario para a cofinanciación das tarxetas do Bono turístico #QuedamosenGalicia21 financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.480.0, código de proxecto 2020 00001, do vixente orzamento da Axencia Turismo de Galicia, polo importe total máximo de 2.000.000 €, mediante os correspondentes libramentos á entidade colaboradora, Abanca Corporación Bancaria, S.A., sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, nomeadamente, polo financiamento que poidan achegar outras administracións a este programa, de conformidade co disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes.

Este incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias ás que fai referencia o devandito artigo 30.2 do Decreto 11/2009, anteriormente sinalado e, de for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique unha apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo dos prazos para resolver.

2. A percepción do Bono turístico #QuedamosenGalicia21 será compatible con calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada.



3. A contía percibida mediante o Bono turístico #QuedamosenGalicia21 estará suxeita, de ser o caso, ás obrigas tributarias que lle resulten de aplicación.

#### Artigo 5. *Solicitudes e declaracións responsables*

1. As persoas interesadas que desexen optar ao Bono turístico #QuedamosenGalicia21 deberán presentar a súa solicitude, conforme o modelo do anexo II, obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Para estes efectos enténdese que queda acreditado que as persoas solicitantes gozan do acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios por razón da súa capacidade técnica en virtude do artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo para a presentación de solicitudes desta convocatoria estará aberto a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución ata o día 1 de novembro de 2021 (incluído).

3. As solicitudes presentadas ao abeiro da presente resolución terán o carácter de declaración responsable, segundo o disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co dito precepto, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, así como a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, da documentación que sexa, se é o caso, requirida para acreditar o cumprimento do declarado ou da comunicación, determinará a imposibilidade de



continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

Igualmente, a Administración pública poderá determinar a obrigaón do interesado de restituír á situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

4. As persoas interesadas deberán declarar responsablemente:

a) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención, particularmente as referidas a estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

c) Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.

5. As persoas solicitantes poderán consultar o estado da súa solicitude na mesma sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/chave365>), a través de «A miña sede», consultando o estado do procedemento.

*Artigo 6. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

*Artigo 7. Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta.

– DNI/NIE da persoa solicitante.



- DNI/NIE da persoa representante.
- Certificado de empadramento en vigor á presentación da solicitude.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes, sen que este feito afecte a preferencia derivada da presentación inicial.

#### Artigo 8. *Órganos competentes*

A Xerencia da Axencia Turismo de Galicia será o órgano para a instrución do procedemento de concesión do Bono turístico #QuedamosenGalicia21, correspondendo á persoa titular da Dirección da Axencia ditar a resolución de concesión.

#### Artigo 9. *Instrución do procedemento*

1. As solicitudes que non cumpran os requisitos e as exixencias contidas nestas bases serán requiridas para que o solicitante, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue a documentación preceptiva. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Para estes casos, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data en que o dito requirimento estea correctamente atendido.

#### Artigo 10. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, o órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada que será notificada ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa interesada. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

#### Artigo 11. *Resolución*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor elaborará a proposta de resolución definitiva, que elevará á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia para a súa resolución. Esta proposta deberá expresar o solicitante e o importe concedido para o Bono turístico #QuedamosenGalicia21 ou ben a causa de denegación ou non admisión, segundo corresponda.

2. A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, a persoa solicitante á que se lle concede o Bono turístico #QuedamosenGalicia21 e a súa contía ou, de ser o caso, a causa de non admisión ou denegación da solicitude.

3. No caso de existiren solicitudes que non acaden o dereito á subvención, ao terse esgotado o crédito dispoñible, pasarán a formar unha lista de garda, coas persoas solicitantes que poderán ser susceptibles de recibir a axuda se se produce un incremento do crédito, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención, de conformidade co disposto nos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

O esgotamento do crédito será publicado na páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será ata o 15 de decembro de 2021, data en que expira a vixencia do programa. Máis alá da referida data sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### Artigo 13. *Réxime de recursos*

As persoas solicitantes poderán recorrer contra a súa exclusión a través dun recurso postestativo de reposición ante esta Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación, ou ben, directamente, de recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade co disposto nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### Artigo 14. *Instrumentalización*

1. Unha vez que a persoa solicitante é confirmada como persoa beneficiaria do Bono turístico #QuedamosenGalicia21, se lle notificará esta circunstancia para os efectos de



que realice o copagamento que lle corresponde segundo a elección de tarxeta realizada na solicitude.

2. A persoa beneficiaria, disporá de 3 días naturais contado desde a recepción da notificación da resolución, para realizar o ingreso na conta e polo procedemento que se lle indicará na resolución de concesión. De non realizar este ingreso no prazo descrito, entenderase por desistida a súa solicitude, perdendo todos os dereitos aos que tivese lugar.

3. Unha vez comprobado que o beneficiario ten realizado o ingreso que lle corresponde acorde co importe elixido na súa solicitude, se procederá a cargar a tarxeta co importe total. A tarxeta cargarase dunha soa vez.

#### Artigo 15. *Emisión da tarxeta prepagamento*

1. Unha vez que a persoa beneficiaria realice o ingreso correspondente ao copagamento, os seus datos serán remitidos pola Axencia Turismo de Galicia á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., seleccionada como entidade colaboradora, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. procederá á estampación da tarxeta prepagamento co importe total correspondente á elección da persoa beneficiaria na súa solicitude e ao seu envío nun prazo máximo de 10 días.

3. A entidade colaboradora habilitará un teléfono de soporte operativo a que se poidan dirixir as persoas beneficiarias que requiran de información adicional sobre as condicións operativas da tarxeta e xestións sobre a súa operatoria, tales como solicitudes de bloqueo por perda/roubo, solicitudes de duplicado, etc.

4. Así mesmo, calquera outra información ou dúbida relacionada con este programa poderá ser consultada chamando ao teléfono de atención ao cidadán 012.

#### Artigo 16. *Utilización da tarxeta prepagamento*

1. A persoa beneficiaria da tarxeta poderá utilizala en calquera dos servizos ou produtos ofertados polos establecementos adheridos ao programa ata a súa data de extinción. A relación de empresas turísticas adheridas ao programa, así como os servizos ou produtos que ofertan poderán ser consultados na páxina <https://www.turismo.gal/QuedamosenGalicia2>.



2. Esta tarxeta non permite reintegros en efectivo nin recargas.

3. A tarxeta pode consumirse nun só pagamento ou en pagamentos sucesivos, así como ser complementaria doutro medio de pagamento.

4. O consumo do importe da tarxeta repercutirá, en primeiro lugar, sobre o saldo que achega o solicitante e, despois, sobre a achega da Administración autonómica.

#### Artigo 17. *Vixencia do programa*

1. Este programa estará vixente ata o 15 de decembro de 2021, incluído, data ata a que os beneficiarios da tarxeta prepago poderán realizar pagamentos nos establecementos adheridos a este.

2. As tarxetas están sometidas a caducidade e, con carácter xeral, non poderán ser usadas máis alá do 15 de decembro de 2021.

3. Se a persoa beneficiaria da tarxeta non esgota o seu saldo antes do 16 de decembro de 2021, perde todo o dereito sobre el.

#### Artigo 18. *Control*

1. A Axencia Turismo de Galicia poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 20. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, será aplicable o réxime de publicidade establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os interesados poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións, que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo a solicitude para ser beneficiario da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**Artigo 21. *Remisión normativa***

É de aplicación o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.




**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 XUSTIZA E TURISMO

**ANEXO II**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
TARXETA BONO TURÍSTICO #QuedamosenGalicia21	<b>TU985D</b>	SOLICITUDE

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOMBRE DE LA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR		<input type="text"/>				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

**VERIFICACIÓN DO ENDEREZO.** Por favor, verifique que os datos do enderezo postal inserido son correctos xa que vai a ser o que se lle envíe a tarxeta unha vez concedida. Despois de facelo, faga clic no recadro seguinte:

O meu enderezo postal é correcto

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL      CORREO ELECTRÓNICO

<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------

IMPORTE TOTAL DA TARXETA	ACHEGA DA ADMINISTRACIÓN	ACHEGA SOLICITANTE	TARXETA QUE SOLICITA
500 €	300 €	200 €	<input type="checkbox"/>
375 €	225 €	150 €	<input type="checkbox"/>
250 €	150 €	100 €	<input type="checkbox"/>

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención, particularmente as referidas a estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.





**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

**ANEXO II**  
(continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de empadramento	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**


Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Agencia Turismo de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. Abanca Corporación Bancaria, S.A., entidade seleccionada como entidade colaboradora na xestión deste procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Resolución do 7 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, da tarxeta Bono turístico #QuedamosenGalicia21, e se establece a súa convocatoria para o 2021 (código de procedemento TU985D).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



Axencia Turismo de Galicia

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
